

## LISTAXE TOPONIMIA PAAU 2008 (actualizada)

*\*Elaborada por Benigno Riveiro Arjones (suliñados os incorporados este ano)*

1. **Abelleira**: de "APICULARIAM", topónimo frecuente no medio rural referido a un lugar cercado onde están as colmeas. Zootopónimo. (topónimo derivado dun animal)
2. **A Coruña**: probablemente deriva de "CLUNIA", nome de lugar. Recentes estudos sosteñen que a orixe última é o latín "colonia".
3. **Armenteira**: de "ARMENTARIAM" e éste de "ARMENTUM", rabaño de gando maior. Zootopónimo.
4. **Arousa**: na época Medieval era ARAUTIA, pero o topónimo é de orixe prerromano derivado dunha raíz \*ar- relacionado ca auga corrente ou co campo que se atopa a beira do río. Hidrotopónimo.
5. **Astorga**: de "ASTURICA AUGUSTA". Asturica deriva de asturicense, terra dos astures. Etnómico. (nome dun pobo)
6. **Belvis**: de "BELLUM VISUM", boa vista, vista alegre. Lugar dende onde se ten unha boa panorámica.
7. **Bidueiro**: de "BETULARIUM", de orixe celta. Lugar onde abundan os bidueiros ou "abedules". Fitotopónimo.
8. **Bierzo**: de "BERGIDUM", palabra que contén a raíz xermánica berg-, "montaña".
9. **Bonaval**: de "BONAM VALLEM", bo val.
10. **Braga**: de "BRACARA" topónimo procedente dos bracaros, xentes que habitaban o convento bracarense, e que fai alusión as bragas ou calzas que vestían. Despois foi chamada "Bracara Augusta".
11. **Bergantiños**: deriva de "BRIGANTIUM", cidade que se rendeu a X. César. O céltico briga- fai alusión ós habitantes das montañas. Etnómico.
12. **Caldas/Caldelas**: deriva de "AQUAS CALIDAS" e do seu diminutivo "calidellas", todos relacionados con augas quentes, termais. Hidrotopónimo.
13. **Carballiño/Carballo**: deriva dunha raíz preindoeuropea "car-b", pranta dura, en alusión a madeira desta árbore. Carball-iño: derivado do anterior. Fitotopónimos.
14. **Carnota**: de procedencia prerromana, CARN- (pedra), este concello é especialmente pedregoso.
15. **Cartaxena**: A cidade cartaxinesa QUART-HADAST: cidade nova, refundada en latín CARTAGO NOVA: nova Cartago, arabizada en QARTAGINA, da que deriva a actual Cartaxena. "Carthago nova" nova cartago, refundación dunha cidade cartaxinesa.
16. **Castrelo**: Forma híbrida de "CASTELLUM e CASTRUM". Un castro é unha cidade alta e fortificada.
17. **Catoira**: parece derivado de "CAPTORIAM", lugar adicado á caza.
18. **Cervantes**: derivado de "CERVUM", cervo. Zootopónimo.
19. **Cimadevila**: de cima+de+vila, "CYMA", lugar situado na parte de arriba da vila.
20. **Chantada**: "PLANTATAM", o topónimo baséase na destrución da vila polos normandos e a seguinte redificación, de ahí "plantata" sería cidade reedificada.
21. **Compostela**: é o topónimo galego máis discutido. Dende sempre a interpretación máis popular foi: "CAMPUS ESTELLAE, campo da estrela. Máis correctas son: "COMPOSITUM TELLUS", terra composta ou fermosa. "COMPOSITUM": enterrado.

22. **Cotobada**: descoñecido.
23. **Cordoba**: do latino CORDUBA, posiblemente dunha anterior fenicia KARTA-TUBA, literalmente vila grande.
24. **Cotobade**: de "CAUTO", topónimo prerromano que indica unha elevación do terreo. Cotobade sería "Coto do Abade".
25. **Couto**: procede de "CAUTUM", lugar que se cercaba para poder defendelo mellor.
26. **Chaves**: ablativo de FLAVIIS. "AQUIIS FLAVIIS" era o nome medieval da vila portuguesa de Chaves. O topónimo alude a unhas augas medicinais e máis a época dos emperadores Flavios.
27. **Esteiro**: "AESTUARIUM" < de "AESTU", marea. Brazo de río que participa das crecentes do mar. (cast. estuario.)
28. **Estrada**: de VIAM "STRATAM", en alusión ós diferentes estratos de materiais con que os soldados construían as vías. En inglés *street*. Topónimo viario.
29. **Filgueira**: de "FILICARIAM", derivado de "FILICEM", fento ou fieito. Fitotopónimo.
30. **Fisterra**: de "FINIS TERRAE" o fin da terra.
31. **Fontenla**: de FONTANELLA, diminutivo de FONTEM, fonte pequena; deriva do diminutivo de font-ana: font-ana-ella.
32. **Fonsagrada**: de "FONTEM SACRATAM", fonte sagrada, á que se lle atribuían propiedades curativas. Fon(te) + sagrada. Hidrotopónimo.
33. **Fontoira**: de "FONTEM AUREAM", fonte de ouro, seguramente pola calidade da súa auga. Hidrotopónimo.
34. **Fornelos**: de "FURNELLLOS", diminutivo de "FURNUM", forno, que podían ser concavidades do propio terreo.
35. **Foz**: do latín vulgar "FOCEM", que en latín literario era "FAUCEM", gorxa, paso estreito, fauces. Lugar por onde un río desemboca no mar, tamén é un paso estreito entre montañas.
36. **Frades**: de "FRATRES", irmáns, seguramente monxes, frades duna congregación relixiosa.
37. **Freixeiro**: de "FRAXINUM", freixo. Lugar onde abundan os freixos (cast. fresno). Fitotopónimo.
38. **Gijón/Xixón**: En latín GIGIONEM, probablemente unha forma aumentativa de SAXUM, rocha. ¿?
39. **Insua**: INSULAM: illa, terreo separado pola auga, terreo pantanoso; é frecuente atopar insuas na terra, feitas por ríos. Pode referirse a prados á beira dun río.
40. **Labacolla**: LAVA-COLEA: (lava os testículos), nese pobo había un río onde os peregrinos se purificaban antes de entra en Compostela. É un imperativo e un Ac. Pl.
41. **Leboreiro**: LEPORARIUM: lugar con abundancia de lebres (LEPORES: lebre). Zootopónimo.
42. **León**: LEGIONEM, lexión, esta cidade ten como orixe un campamento militar onde había unha lexión.
43. **Lobeira**: LUPARIAM: lugar onde hai lobos. (de LUPUS: lobo). Zootopónimo.
44. **Louredo**: LAURETUM: lugar onde hai onde hai loureiro. (LAURUS: loureiro, árbore). Fitotopónimo.
45. **Lugo**: LUCUS AUGUSTI: o bosque sagrado de Augusto (fundador en xenit.).

46. **Maceda**: de MATTIANETA (lat.vul. MATTIANA: maceira) lugar onde abundan as maceiras , (cfr. español Manzaneda). Fitotopónimo.
47. **Marín**: do xenitivo (VILLAM) MARINI: vila de Marino (**Vilamarín**), PORTUM + MARINI, porto de Marino (porto fluvial no Miño) (**Portomarín**)
48. **Mérida**: EMERITA (AUGUSTA), cidade fundada para soldados licenciados tras as campañas hispana; recibían o título de EMERITI ( licenciados).
49. **Milladoiro**: HUMILIATORIUM: lugar onde os peregrinos ó ver Compostela axeonllábanse para dar grazias a deus; ou de AD-MILIATORIUM: lugar onde os peregrinos botaban unha pedra que traían consigo, formando unha morea de pedras (ou **milladoiro**).
50. **Moimenta**: de MUNIMENTA: defensas (Ac. Pl.).
51. **Mondoñedo**: de latín medieval MINDUNIETUM (o topónimo actual procede de San Martín de Mondoñedo, onde tiñan a sede os bispos mindunienses ou dumienses, que eran unha especie de extensión dos de Dumio, preto de Braga).
52. **Nogueira**: NUCARIAM: lugar onde hai nogueiras. (NUX, NUCIS: noz). Fitotopónimo non abundancial.
53. **O Foxo**: de FOVEUM, (foxo) designa unha concavidade ou depresión do terra. Podía utilizarse para a batida do lobo, ao que ían empurrando cara o foxo onde quedaba preso.
54. **Oleiros**: de OLA: ola, lugar onde hai fabricantes de olas de barro, oleiros.
55. **Osebe**: (VILLA) EUSEBII: propiedade en Eusebio, nome propio en Xenitivo. Antropónimo.
56. **Ourense**: AURIENSE: topónimo que fai relación a unha explotación de ouro. (AURUM)
57. **Ortigueira**: URTICARIAM: lugar onde hai ortigas. Fitotopónimo con sentido abundancial.
58. **Oseira**: URSUS: oso, lat. vulg.: ossum: lugar onde hai osos. Zootopónimo con sentido abundancial.
59. **Outeiro**: ALTARIUM, parte alta do terreo, elevación do terreo.
60. **Paradela**: diminutivo de PARATA: alto no camiño, albergue, pousada (é un diminutivo de parada).
61. **Padrón**: de PETRA, (deriva de PETRONEM) a pedra onde se amarrou a barco do apóstolo Santiago.
62. **Pedrafita**: PETRA + FICTA: (pedra cravada) miliario ou monumento megalítico, consistente nunha gran pedra colocada verticalmen-te. Utilizouse como divisoria de concellos.
63. **Pereira/Pereiro**: de PIRUM: pera, lugar onde hai pereiras. Pereira pode vir tamén de PETRARIA (pedra).
64. **Poio**: PODIUM: altura, montículo, fai referencia a un lugar elevado con boas vistas.
65. **Pombal**: PALUMBALEM: lugar construído polo home onde viven as pombas.
66. **Ponferrada**: PONTEM FERRATAM: ponte de ferro, na que se utilizaron materiais de ferro, non é que toda ela fora de ferro.
67. **Pontevedra**: PONTEM VETERAM: ponte vella, ou ponte do río Vedra, nome que se lle daba ó río Lérez; este pobo era chamado AD DUOS PONTES.
68. **Ponteceso**: PONTEM CAESUM: ponte caída, ponte rota.

69. **Porriño**: PORRUM: lugar onde se cultivaba porro (cast. puerro).
70. **Portela**: diminut. de PORTAM: porta, lugares de cobro de peaxe ou de paso.
71. **Queiruga**: proven dunha base prerromana: CARIOCA: nome dun arbusto (Erica). Fitotopónimo.
72. **Reboredo**: REBORETUM: lugar onde abonda o QUERCUS ROBUR: carballo. Fitotopónimo con sentido colectivo.
73. **Ribadavia**: Riba + d(e) + Avia, RIPAM: beira, orilla dun río ou do mar: orilla do río Avia.
74. **Ribadulla**: Riba + d(e) + Ulla, orilla do río Ulla.
75. **Ribadumia**: Riba + d(e) + Umia, orilla do río Umia (nomes de río prerromano)
76. **Ribeira**: RIPARIAM: costa, orilla do mar.
77. **Ruibal**: RUBEUS: rubio, -ALEM: sufixo que indica abundancia, alude á cor rubia do chan, ou da vexetación.
78. **Sabarís**: (VILLA) SABARICI (Xenitivo) villa de Sabariz.
79. **Salamanca**: En latín SALMANTICA: da raíz \*sal- lugar de auga brava, fai referencia a presenza dun río (o Tormes). ¿?
80. **Sanxenxo**: SANCTUM GINESIUM: San Xines. Haxiotopónimo: nome dun santo-a.
81. **Seara/Senra**: palabra prelatina SENARA: campo de cereais, campo comunal, terra de boa calidade.
82. **Seixo**: de SAXUM, de pedra.
83. **Sobrado**: (AEDIFICIUM) SUPERATUM: edificio cunha parte alta, que sobresa. Terra alta, que sobresa.
84. **Taboada**: TABULATAM, de táboa, de madeira, fai referencia a un lugar cunha ponte de madeira.
85. **Tarragona**: do latín TARRACONEM, posiblemente dun termo prerromano probablemente íbero
86. **Touro**: TAURUM, touro.
87. **Triacastela**: TRIA CASTELLA: tres castros, rematan en –A porque é neutro plural.
88. **Veiga**: do íbero VAI- río e o sufixo –KA- rexión do río, é un terreo a beira dun río. En vasco (i)bai: río.
89. **Vic**: en catalán igual que Vigo.
90. **Vigo**: VICUM, aldea, grupo de casas ou propiedade rural.
91. **Vilaboa**: VILLAM BONAM: vila boa, casa de campo boa.
92. **Vilalba**: VILLAM ALBAM: vila branca.
93. **Vilouta**: VILLAM ALTAM: vila alta, elevada.
94. **Vilameá**: VILLAM MEDIANAM: vila situada a media altura do monte.
95. **Vilachá**: VILLAM PLANAM, vila situada nun lugar plano.
96. **Viso**: de VISUM (visión), lugar alto dende o que hai boa visión dos arredores.
97. **Xestoso**: GENISTOSUM, lugar onde abundan as xestas ou GENISTA.
98. **Xunqueira**: IUNCARIAM, lugar onde abundan os xuncos ou IUNCUS.
99. **Zaragoza**: de CAESAR AUGUSTA, cidade adicada a César Augusto, que en árabe foi SARAQUSTA, de aí Zaragoza.